


CULTIVO DOMÉSTICO DE COGOMELOS SAPROTRÓFICOS • PLANTAS SILVESTRES COMESTIBLES DE PRIMAVERA: IDENTIFICAR, APAÑAR E COCIÑAR • INTRODUCCIÓN Á CULTURA DO ANTIGO EXIPTO • COMUNÍCATE COAS TÚAS MANS: LINGUA E CULTURA DA COMUNIDADE XORDA • CREACIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS PARA REDES SOCIAIS CON SMARTPHONES • OBRADOIRO PRÁCTICO DE HORTA ECOLÓXICA • AULA DE TEATRO: POSTA EN ESCENA DUNHA OBRA TEATRAL • AULA DE MÚSICA TRADICIONAL: CANTO, PERCUSIÓN, GAITA E BAILE TRADICIONAL GALEGO • INICIACIÓN AO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE



Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

MATRÍCULA ONLINE: <http://extension.uvigo.gal/cultura/obradoiros> - <http://culturxest.uvigo.es>

OBRADOIROS

2º CUADRIMESTRE 2018/2019

Prazo de matrícula:
do 29 de xaneiro ao 12 de febreiro
1 ECTS
Prezos: 26 € / 40 €

Universidade de Vigo


Extensión Universitaria

Máis información

CAMPUS DE VIGO
Extensión Universitaria
Edificio Miralles
Lagoas-Marcosende
986 813 626

CAMPUS DE PONTEVEDRA
Área de Servizos á Comunidade
EE Forestal
A Xunqueira
986 801 949

CAMPUS OURENSE
Área de Servizos á Comunidade
Edificio Administrativo
As Lagoas
988 387 102



2018/801

CULTIVO DOMÉSTICO DE COGOMELOS
SAPROTRÓFICOS

*María Luisa Castro Cerceda, Hugo Fernández Ricón,
Gabriel Pérez Torrón, María Cabaleiro Alfaya, Andrés
Cordeiro Baqueiro, Paula Estévez Caride.*

Obradoiro práctico que se centrará no cultivo de varias especies de cogomelos de interese gastronómica. O alumno disporá do material necesario para levar a cabo o seu cultivo no laboratorio de Botánica da facultade de Bioloxía, guiado en todo momento polo persoal docente.

Lugar: Fac. de Bioloxía:
Teórica: Aula4. Bloque B. 1º andar.
Práctica: Lab. Botánica. Bloque A. 1º andar.
Límite de prazas: 20
Duración: 30 horas
Data de inicio: 20 de febreiro
Horario: mércores de 16.00 a 18.30 h

2018/802

PLANTAS SILVESTRES COMESTIBLES DE
PRIMAVERA: IDENTIFICAR, APAÑAR E COCIÑAR

Patricia Puga Gómez e César Lema Costas.

Este obradoiro está composto por dez sesións, cinco delas centraranse en identificar as plantas silvestres e as restantes, en cociñalas. Os roteiros desenvolveranse por diferentes zonas do campus e nas xornadas de cociña elaboraranse cremas, caldos ou frituras, albóndegas, empanadas, pan biscoitos e mesmo xeados.

Lugar: Teoría: Edif Miralles. Sala II.
Cociña: comedor da Fac. de CCEE
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas

Data de inicio: 20 de febreiro
Horario: mércores: roteiros de 16.00 a 19.00 h /
Cociña: de 17.00 a 20.00 h

2018/803

INTRODUCCIÓN Á CULTURA DO ANTIGO
EXIPTO

Eugenia Muñoz.

Aproximación á cultura do Antigo Exipto a través da súa escritura máis coñecida: o xeroglífico e aspectos máis trascendentais como a procura da inmortalidade. Constará de dez sesións de tres horas na que se trata a morte e o máis aló, os ritos funerarios, deuses, ronseis funerarios e un cine clube.

Lugar: E.U. de Empresariais. Aula 34.
Límite de prazas: 20
Duración: 30 horas
Data de inicio: 18 de febreiro
Horario: luns de 16.30 a 19.30 h

2018/804

COMUNÍCATE COAS TÚAS MANS: LINGUA E
CULTURA DA COMUNIDADE XORDA

*Inmaculada C. Baez, Ana Fernández, Alba T. Puentes e
Manuel Lema.*

Aprenderás a expresarte e comprender en Lingua de Signos Española (LSE) mensaxes sinxelos da vida cotiá das persoas. O coñecemento básico da comunicación visual permitirache comunicarte en temas coñecidos e frecuentes (educación e traballo, lecer e viaxes, compras, saúde, organización política e social ou universo e xeografía física) ademais de ter coñecemento sobre aspectos como as normas sociais e culturais da comunidade xorda.

Lugar: Fac. de Filoloxía e Tradución. Aula A-12
Límite de prazas: 20
Duración: 30 horas
Data de inicio: 19 de febreiro
Horario: martes e xoves de 16.00 a 18.00 h

2018/805

CREACIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS
PARA REDES SOCIAIS CON SMARTPHONES

Xoan Mariño. Mr Misto.

Aprenderás a producir imaxes e vídeos de maneira eficiente empregando o teu propio smatphone. Empregaremos ferramentas económicas entre a variedade de aplicacións que ofrece o mercado: gifs, gráficos, memes, webinars, infografías, etc. Principais plataformas de difusión.

Lugar: Edificio Miralles. Sala II
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas
Data de inicio: 19 de febreiro
Horario: martes de 16.00 a 19.00 h

2018/806

OBRADOIRO PRÁCTICO DE HORTA
ECOLÓXICA

Jacobo Ojea Reyes.

O alumnado acadará unha visión xeral da agricultura ecolóxica e as ferramentas para iniciarse no seu cultivo. Afondarase na planificación e deseño da horta, a compostaxe; rotación e asociación de cultivos; sementes e plantas; biodiversidade e fauna auxiliar (caixas niño); pragas e enfermidades; preparados vexetais; a auga e a súa xestión; froiteiras arbustivas (moras, grosellas...); peches vexetais con vimbio, etc

Lugar: Horto universitario (detrás do CINBIO)
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas
Data de inicio: 25 de febreiro
Horario: luns de 17.00 a 20.00 h

2018/807

AULA DE TEATRO: POSTA EN ESCENA
DUNHA OBRA TEATRAL

Casilda Alfaro e Sonia Rúa (Teatro de Ningures).

Neste obradoiro e despois de aprender no anterior cuadrimestre (Iniciación ao teatro) todo o traballo de corpo e vocal necesario, o alumnado traballará na posta en escena dunha obra de teatro que se estreará na Mostra Internacional de Teatro Universitario (Miteu) que organiza cada ano a Universidade de Vigo.

Lugar: Edif. de Deportes. Sala de ioga
Límite de prazas: *
Duración: 30 horas
Data de inicio: 18 de febreiro
Horario: luns e mércores de 16.30 a 19.30 h

2018/808

AULA DE MÚSICA TRADICIONAL: CANTO,
PERCUSIÓN, GAITA E BAILE TRADICIONAL
GALEGO**

Álvaro Rodríguez. (Son das lagoas).

Este obradoiro desenvolverase durante todo o curso. Os asistentes formaranse nos instrumentos, cantos e danzas da man do grupo Son das lagoas. Traballaranse con cancións en cada un dos ritmos básicos de cada instrumento e, no baile, aprenderanse os pasos segundo cada provincia galega.

Lugar: Teatro de Cidade Universitaria.
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas
Data de inicio: 18 de febreiro
Horario: luns de 15.00 a 18.00 h ***

2018/809

INICIACIÓN AO DESENVOLVEMENTO
SUSTENTABLE

Eva López Quiroga e Raquel Gómez Villar.


Iniciación teórico-práctica nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030. Este obradoiro trata de transmitir as mellores prácticas para mudar de hábitos para unha rutina diaria máis sustentable. Asemade, fomentará o pensamento crítico e a reflexión mediante debates relacionados co medio ambiente, contaminación, etc.

Lugar: Fac. Bioloxía. Seminario 2
Límite de prazas: 15
Duración: 30 horas
Data de inicio: 18 de febreiro
Horario: luns de 15.30 a 18.30 h

* So para os matriculados do obradoiro do primeiro cuadrimestre.

** As persoas matriculadas no primeiro cuadrimestre que precisen diploma deberán pasar pola sección de Extensión Universitaria (Edif. Miralles). So deberán pagar as personas que se inscriban por primeira vez.

*** Horario adaptable ás circunstancias de cada asistente dentro do rango de 15.00 a 18.00 horas.



Extensión Universitaria

Universidade de Vigo

MATRÍCULA ONLINE

<http://extension.uvigo.gal/cultura/obradoiros>
<http://culturxest.uvigo.es>

Matrícula aberta:

do 29 de xaneiro ao 12 de febreiro

Taxas:

- 26 euros para persoas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- 40 euros para o público en xeral.

Ao remate do obradoiro entregarase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento de 1 crédito ECTS para as ensinanzas de grao por cada 30 horas.